

Estimados profesores e profesoras:

No comezo do novo curso o grupo de traballo de Química ponse en contacto con vós un ano mais para facervos chegar instrucións e orientacións de cara as probas ABAU.

Primeiro de todo queremos recordaros que na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Neste curso, que parece que será o derradeiro antes das modificacións que o Ministerio está a anunciar, e ante a obriga de axustar os contidos do exame ao Decreto 157/2022, de 15 de setembro, que establece o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), vémonos no deber de realizar algúns cambios. Sen embargo, tendo presente o anuncio de que a proba vai ser modificada para o próximo ano, procuramos limitar ditos cambios na medida do posible, quedando sempre a expensas de que futuras directrices nos poidan obrigar a modificar o establecido neste intre.

En canto as directrices xerais dos criterios de corrección non haberá cambios, e como modelo de exame provisorio para este curso poden servir os modelos das convocatorias ordinaria e extraordinaria do curso pasado.

Na web do grupo de química podedes atopar a seguinte documentación:

#### **1. ORIENTACIÓNS XERAIS.**

Engloban unhas consideracións previas e orientacións xerais, para cada bloque da materia, realizadas polo grupo de traballo, que son a base sobre a que se elaborará a proba ABAU.

#### **2. MODELO DE EXAME.**

Neste curso o modelo de exame mantense con respecto ao curso pasado. Débese recordar ao alumnado que os datos necesarios para a resolución dalgunha das preguntas pódenos atopar nun recadro da parte inferior do exame.

#### **3. CRITERIOS DE CORRECCIÓN.**

É importante que o alumnado sexa coñecedor dos mesmos antes da realización da proba.

#### **4. INDICACIÓNS PARA A FORMULACIÓN.**

Documento onde se recollen as indicacións entendidas como de mínimos de cara á proba ABAU.

#### **5. TÁBOA PERIÓDICA.**

#### **6. VALORACIÓN DAS ABAU 2023.**

Resumo dos resultados da proba da convocatoria 2023 de xuño e xullo, elaboradas a partir do informe individual que fai cada corrector de Química unha vez remata a corrección, no que se inclúen os erros máis comúns detectados polos correctores. O grupo de traballo considera este resumo moi importante e de gran axuda para todos vós.

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión.

Moito ánimo para este curso.

Recíbide un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo de Química